d) Instrucións de funcionamento e xestión en relación os procesos de control de calidade.

e) Plan de mantemento.

f) Plan de promoción e comunicación.

Dentro dos apartados anteriores se deberán ter en conta de maneira especifica os seguintes aspectos:

Sobre a descrición detallada do proxecto de funcionamento: o licitador deberá indicar de maneira detallada información das instrucións de funcionamento, respectando o recollido no regulamento do servizo de aplicación, dito proxecto deberá especificar o plan de xestión de usuarios, así como as peculiaridades dos calendarios e propostas de uso das instalacións.

Sobre o plan de recursos humanos: o licitador deberá establecer a súa proposta sobre os recursos humanos dos que disporá para o proxecto de xestión do Complexo deportivo de Navia. Dito proxecto deberá especificar as cualificacións profesionais de referencia en relación as diversas categorías. Así mesmo deberá desenvolver un organigrama funcional.

Sobre o programa deportivo e de actividades: en relación co programa deportivo, o licitador presentará o modelo de xestión para os programas deportivos do complexo deportivo, con especial atención a xerar unha oferta polivalente que posibilite unha oferta para todas as idades e tamén potenciando o acceso o deporte das persoas con discapacidades.

Este programa deportivo poderá conter con carácter complementario o mesmo, servizos

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
- 8 AGO. 2013
A Secretaria da Xunta de Goberno local,



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T08:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 18 de 68 |
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

específicos onde a propia actividade física sexa recomendada para aspectos de saúde. Estas propostas atenderán de forma xeral os complementos vinculados a mellora da saúde a través da actividade física.

Sobre o programa de mantemento e conservación das instalacións deportivas: o licitador presentará un programa sobre estes aspectos onde se detallará a periodicidade das actuacións, investimentos, posta a punto e renovación de equipos, cronograma de actuacións. O control hixiénico sanitaria das condicións da auga se realizará consorte coas disposicións vixente de rango estatal ou autonómico que resulten de aplicación. No plan de mantemento se detallará o mantemento predictivo e de conservación, preventivo e de optimización, técnico legal, e correctivo. Así mesmo deberán detallarse as propostas de informes e memorias que se propoñen para os informes dos estados de conservación o Concello de Vigo.

Sobre o programa de control de calidade e promoción: O licitador presentara a descrición dos medios que se comprometerá a instalación para os procesos de control de calidade, as propostas de metodoloxía, así como la elaboración de los planes de autocontrol de calidade. Así mesmo deberá indicar as propostas para os sistemas de información e os plans de marketing propostos.

## 3.- PROGRAMA DE TRABALLO PARA EXECUCIÓN DA OBRA

O licitador presentará unha memoria explicativa sobre o desenvolvemento previsto para o programa de traballo para a execución das obras, recollendo os aspectos considerados de interese para a xustificación da racionalidade das previsións da execución das obras.

No programa de traballos deberán especificarse os prazos parciais e datas de terminación das distintas fases de obra, e o volume de obra a realizar en cada período. Como complemento e xustificación do programa deberá relacionarse os equipos, medios e maquinaria a empregar. Estes aspectos será valorados en relación a descrición realizada do mesmo, a súa coherencia de acordo cos seguintes criterios descritos na cláusula 16ª.a.3

## c)SOBRE C: PROPOSICIÓN ECONÓMICA

A proposta económica deberá ser formulada de acordo co modelo que se fixa no ANEXO III do presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Deberá acompañar no sobre da proposición económica a proposta do Plan económico e financeiro da explotación, así como o orzamento global do proxecto básico, definido no apartado 5.1.b do PPTP



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 19 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
INFORMADO

Os licitadores deberán presentar un Plan Económico Financeiro relativo os procesos de construción e xestión do novo complexo deportivo de Navia, no cal se deberán diferenciar as inversións, ingresos, gastos derivados da explotación e mantemento.

De forma xeral o Plan económico e financeiro deberá conter unha memoria explicativa dos valores adoptados para as variables fundamentais que interveñan na proposta, así como as hipóteses realizadas para a súa evolución a lo largo do período concesional ofertado.

Toda a información se aportará co máximo desglose atendendo especialmente o detalle das inversións realizadas en cada etapa do proxecto, incluíndo as propostas de fontes de financiamento e no caso de que o adxudicatario vaia a constituír unha sociedade concesionaria, se deberá de especificar o apoio financeiro de cada un dos socios. Dito plan deberá indicar os custes de construción e reposición. De igual maneira, se deberán indicar co máximo detalle os diferentes conceptos incluídos na conta de explotación. O licitador poderá presentar calquera outra documentación que considere que contribúe a unha mellor comprensión do proxecto.

Dito Plan Económico financeiro deberá fundamentarse nos seguintes aspectos:

a) Custe da inversión total prevista co detalle das fontes de financiamento.

b) Estruturación dos ingresos. Xustificación dos ámbitos de ingresos derivados da proposta de xestión.

c) Estruturación dos custes de explotación.

d) Estruturación dos custes de amortizacións.

e) Estrutura de gastos financeiros.

f) Niveis de viabilidade do proxecto o longo da proposta dos anos de concesión.

g) Proxección do balance de situación da conta de perdidas e ganancias durante o período da concesión.

h) Proposta de tarifas de aplicación.

Toda a información se aportará co máximo nivel de detalle, garantindo a coherencia, fiabilidade e viabilidade dos datos propostos. O Estudio incluirá as previsións da evolución das actividades, así como o número de abonados titulares segundo a diversidade do proxecto de xestión. En calquera caso a xustificación de viabilidade esixe que o resultado final debe ser positivo.

**CLÁUSULA 15ª.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS E DEMAIS REQUISITOS DAS MESMAS**

1.- A documentación persoal e as proposicións técnica e económica se presentarán dentro do prazo fixado no anuncio da licitación.

2.- As proposicións dos interesados deberán axustarse ó previsto neste prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de devanditas cláusulas ou condicións, así como do anteproxecto, do prego de prescricións técnicas e da demais documentación contractual sen excepción ou reserva algunha.

3.- As proposicións serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.



Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 20 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
- 8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P. O.



4.- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisibilidade da presentación de melloras ou variantes. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

5.- A presentación de proposicións diferentes por empresas vinculadas supoñerá a exclusión do procedemento de adxudicación das ofertas formuladas. No entanto, si sobreviñera a vinculación antes de que conclúa o prazo de presentación de ofertas, poderá subsistir a oferta que determinen de común acordo as citadas empresas. Consideraranse empresas vinculadas as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio.

6.- A infracción destas normas dará lugar á non admisión das propostas.

## CLÁUSULA 16ª.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

### A. Criterios avaliables mediante xuízo de valor:

A puntuación proposta para obter polos licitadores neste apartado terá un valor final máximo de 35 puntos sobre un total de 100. Para o calculo desta valoración se aplicarán os seguintes criterios:

Se realizará unha valoración inicial das ofertas (V_ini) en función dos apartados que se especifican a continuación. Esta valoración inicial, que abarca tres aspectos diferentes, estará determinada pola distribución que se describe neste apartado ata un máximo de 100 puntos o cal facilitará a aplicación de criterios moi específicos e que garanten o coñecemento mais claro e obxectivo por parte dos licitadores. Polo exposto esta (V_ini) corresponderá coa suma das puntuacións obtidas en cada un dos tres criterios establecidos, redondeando sempre o segundo decimal. Obtida esta valoración se procederá do seguinte modo:

1. Serán descartadas aquelas ofertas cunha (V_ini) inferior o umbral de valoración de 50 puntos.
2. A oferta ou ofertas iguais o umbral da valoración inicial (V_ini) de 50 puntos se lles outorgará unha valoración definitiva de 30 puntos.
3. A valoración inicial definitiva do resto das ofertas non descartadas, será obtida de acordo co seguinte criterio:

   **V_ini_def=(70*((V_ini da oferta a considerar-50)/(V_ini mais alta -50)))+30**



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbara Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Angel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 21 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

4. A valoración inicial definitiva das ofertas segundo os criterios avaliables mediante xuízo de valor, será reasignada de maneira proporcional os puntos máximos a obter, tendo en conta que os 35 puntos se aplicarán a máxima valoración a alcanzar (100) e o resto de maneira proporcional.

**Aspectos a valorar:**

**a.1.- Proposta arquitectónica:** se valorará con ata **50 puntos**

As solucións arquitectónicas propostas en relación co anteproxecto de obra se valorarán tendo en conta os seguintes apartados:

**a.1.1.- Proposta arquitectónica e funcionalidade**: se valorará con ata **25 puntos**

- **A integración da proposta arquitectónica co seu entorno**: se valorará con ata un máximo de **10 puntos.**
- **Funcionalidade, accesibilidade e circulacións.** Se valorará con ata un máximo de **10 puntos** que as propostas arquitectónicas aumenten a funcionalidade da instalacións, así como os máximos niveis de accesibilidade xeral no proxecto.
- **Solucións propostas en relación ás enerxías renovables.** Serán valoradas con ata un máximo de **5 puntos** aquelas solución propostas en relación a redución dos consumos enerxéticos e as actuación para a redución das emisións contaminantes á atmosfera.

**a.1.2.- Distribución e dimensión de espazos**: se valorará con ata **10 puntos**

Serán valoradas as propostas e solucións adoptadas no proxecto en relación a distribución e ubicación dos diferentes espazos deportivos principais, tendo en conta as dimensións propostas que poderán aumentar os mínimos establecidos no presente expediente, e de forma específica sobre as seguintes áreas:

- **Vestiarios**: se valorará con ata un máximo de **3,5 puntos**
- **Área de fitness**: se valorará con ata un máximo de **3,5 puntos**
- **Salas actividades deportivas**: se valorará con ata un máximo de **3 puntos**

**a.1.3.- Calidades construtivas:** se valorará con ata **10 puntos**

- **Pavimentos e equipamentos deportivos**: se valorará con ata un máximo de **3,5 puntos**
- **Equipamentos técnicos de climatización e depuración**: se valorará con ata un máximo de **3,5 puntos**
- **Acabados zonas de auga**: se valorará con ata un máximo de **3 puntos**

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P. O.



Documento asinado
ASINADO POR: Técnico Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T08:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

| | | |
|---|---|---|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 22 de 68 |
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

**a.1.4.- Areas deportivas exteriores e urbanización**: se valorará con ata **5 puntos**

Serán valoradas as propostas e solucións adoptadas no proxecto en relación a estas areas deportivas, para o cal se terá en conta as calidades dos materiais a empregar, así como o seu dimensionamento e calidades dos acabados, tendo en conta as dimensións propostas que poderán aumentar os mínimos establecidos no presente expediente, e de forma específica sobre as seguintes áreas:

- **Áreas deportivas propostas**: se valorará con ata un máximo de **2,5 puntos**
- **Espazos verdes**: se valorará con ata un máximo de **2,5 puntos**

**a.2.- Plan de xestión e explotación do complexo deportivo de Navia**: se valorará con ata **40 puntos**

Se valorarán os seguintes aspectos:

- **a.2.1.- Proposta de xestión de usuarios**: se valorará con ata un máximo de **8 puntos.** Se valora que as propostas definan as diferentes tipoloxías de usuarios propostos, así como os medios e procedementos de atención e seguimento dos usuarios en relación o plan de xestión proposto.
- **a.2.2.- Proposta de programa de actividades**: se valorará con ata un máximo de **8 puntos.** Neste apartado terase en conta a organización dos programas de actividades, a metodoloxía de traballo proposta e a súa coherencia cos medios previstos para o desenvolvemento do programa. Este programa deberá xerar unha oferta polivalente que posibilite unha atención para todas as idades e tamén potenciando o acceso o deporte das persoas con discapacidades.
- **a.2.3.- Organigrama funcional da area de recursos humanos**: se valorará con ata un máximo de **8 puntos.** Terase en conta a achega dunha proposta de organigrama que conteña a definición das diferentes areas de traballos contempladas, así como a proposta de medios humanos para as mesmas, identificando as súas funcións.
- **a.2.4.- Programa de mantemento**: se valorará con ata un máximo de **8 puntos.** Terase en conta a achega do programa de traballo para o desenvolvemento dos



ASINADO POR: Tecnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 23 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA
06 AGO. 2013
INFORME

procesos de mantemento (preventivos e correctivos), precisando a proposta de desenvolvemento dos traballos a realizar, a xustificación da metodoloxía para a execución dos traballos, a súa coherencia e o bo coñecemento dos problemas a resolver. No mesmo se especificarán as distintas fases de execución destes procesos. Así mesmo serán valoradas as propostas de informes e memorias que se propoñen para os informes dos estados de conservación o Concello de Vigo.

- **a.2.5.- Programa de promoción e marketing**: se valorará con ata un máximo de **4 puntos**. Valorarase a achega dunha proposta de actuación para a dinamización dos procesos de información, comunicación e marketing sobre o funcionamento da instalación.
- **a.2.6.- Programa de control de calidade**: se valorará con ata un máximo de **4 puntos**. Valorarase a achega dunha proposta na que se detallen os procesos de control de calidade, as propostas de metodoloxía, así como la elaboración de los planes de autocontrol de calidade.

**a.3.- Programa de traballo para a execución da obra**: se valorará con ata **10 puntos**

Valorarase a achega do programa de traballo para o desenvolvemento da obra, para o cal se terá en conta a proposta de desenvolvemento dos traballos a realizar, a xustificación da metodoloxía para a execución dos traballos, a súa coherencia e o bo coñecemento dos problemas a resolver. No mesmo se especificarán as distintas fases de execución da obra. A valoración deste concepto será desglosada do seguinte xeito:

- **a.3.1.- Proposta de implantación na obra:** se valorará con ata un máximo de **4 puntos.** Se terán en conta as condicións e o análise dos procesos de implantación na obra propostos.
- **a.3.2.- Planificación de execución da obra:** se valorará con ata un máximo de **4 puntos.** Se terá en conta o desenvolvemento e xustificación da planificación da obra en base a un diagrama de gant e os condicionantes que afectan a esta.
- **a.3.3.- Estudio do ámbito da actuación:** se valorará con ata un máximo de **2 puntos.** Neste apartado terase en conta a descrición e o análise do ámbito da actuación, así como os condicionantes que afecten o desenvolvemento e execución da obra.

**B. Criterios avaliables mediante fórmula**:

A puntuación a obter polos licitadores neste apartado terá un **valor final máximo de 65 puntos.** Para o calculo desta valoración se aplicarán os seguintes **criterios**:

1. Se realizará unha valoración inicial das ofertas (V_ini) en función os cinco apartados que se especifican a continuación. Esta valoración inicial estará determinada pola distribución que se describe neste apartado ata un máximo de 100 puntos. Polo exposto esta (V_ini) corresponderá coa suma das puntuacións obtidas en cada un dos criterios establecidos, redondeando sempre o segundo decimal.
2. A valoración inicial das ofertas segundo os criterios avaliables mediante fórmula, será reasignada de maneira proporcional os puntos máximos a obter, tendo en conta que os 65 puntos se aplicarán a máxima valoración a alcanzar (100), polo cal as puntuación obtidas terán unha aplicación proporcional.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barberá Rodríguez) 2013-08-06T08:18:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 24 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA

-8 AGO. 2013

A Secretaria de Goberno local, P.O.

CONCELLO DE VIGO ASESORÍA XURÍDICA

06 AGO. 2013

INFORME

ASINADO POR: Tecnica Administración Xeral (Beatriz Barberá Rodríguez) 2013-08-06T09 19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

Documento asinado

**Aspectos a valorar**:

**b.1.- Importe total do investimento inicial en equipamento deportivo:** se valorará con ata **30 puntos**

O licitador deberá presentar no sobre C "Oferta económica" un listado da tipoloxía das elementos a subministrar indicando os prezos unitarios, así como un certificado da entidade que acredite para o subministro do material, que os prezos unitarios da oferta correspondese cos prezos de mercado.

Se calculará o incremento proposto polo licitador en relación a seguinte fórmula:

**Valor do incremento da oferta (Viof)=(Importe ofertado) – (importe mínimo de inversión estipulada no anteproxecto de explotación)**

a) **Os valores de incremento das ofertas iguais ou inferiores o 30 % do importe mínimo estipulado no anteproxecto de explotación**, serán valorados segundo a seguinte fórmula:

$$P = (0,85 * Pmx * Viof)/Vref$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Viof: valor do incremento da oferta.

Vref: valor mínimo da inversión estipulada*0,30

b) **Os valores de incremento das ofertas superiores o 30 % do importe mínimo estipulado no anteproxecto de explotación**, serán valorados segundo a seguinte fórmula:

Primeiro se calculará un novo valor de referencia para a valoración destes incrementos que se denominará "valor de referencia 2 (Vref2)". Este valor será o resultado de sumarlle o (Vref) o 10 % da media aritmética de todas as ofertas realizadas (o total da inversión en equipamento deportivo propostas)

Todos os valores de incremento da oferta (Viof) iguais ou superiores o Vref2, corresponderalle a máxima puntuación deste apartado.

Para a valoración das propostas de incremento da oferta (Viof) a valorar neste apartado que sexan inferiores o Vref2, se lle aplicará a seguinte fórmula:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 25 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA
06 AGO. 2013
INFORME

**P = (0,85 * Pmx) + (0,15*Pmx)* Viof)/Vref2**

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Viof: valor do incremento da oferta.

Vref2: valor de referencia 2

**b.2.- Tarifa proposta para o tipo de abono individual adulto (cálculo para 1 mes, sen aplicar matricula en caso de existir):** se valorará con ata **30 puntos**

Se aplicarán os seguintes criterios:

A valoración será de aplicación sobre a baixa realizada en euros sobre a tarifa máxima fixada no PPTP.

a) Os valores de baixa iguais ou inferiores o 3,00 % da tarifa de referencia contemplada no anteproxecto de explotación, serán valorados segundo a seguinte fórmula:

**P = (0,85 * Pmx * Vbof)/Vref**

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vbof: valor da baixa proposta en euros.

Vref: valor máximo estipulado no anteproxecto de explotación*0,03

b) Os valores de baixa superiores ó 3,00 % da tarifa de referencia contemplada no anteproxecto de explotación, serán valorados segundo a seguinte fórmula:

Primeiro se calculará un novo valor de referencia para a valoración destas baixas que se denominará "valor de referencia 2 (Vref2)". Este valor será o resultado de sumarlle o (Vref) o 25 % da media aritmética de todas baixas ofertas en euros sobre a tarifa de referencia.

Todos os valores de baixa ofertadas (Vbof) iguais ou superiores o Vref2, corresponderalle a máxima puntuación deste apartado.

Para a valoración das propostas de baixas ofertadas (Vbof) a valorar neste apartado que sexan inferiores o Vref2, se lle aplicará a seguinte fórmula:

**P = (0,85 * Pmx) + (0,15*Pmx)* Vbof)/Vref2**

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vbof: valor da baixa ofertada a considerar

Vref2: valor de referencia 2

**b.3.- Proposta para a diminución de anos do período máximo da concesión:** se valorará con ata **20 puntos**

Se aplicarán os seguintes criterios:

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaría de Goberno local,



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbara Rodríguez) 2013-08-06T08:18:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado
Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 26 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO

CONTRATACIÓN

Expediente 12242-333

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA

- 8 AGO. 2013

A Secretaria de Goberno local, P.O.

CONCELLO DE VIGO ASESORIA XURÍDICA

06 AGO. 2013

INFORME

O licitador indicará na súa oferta o proposta de diminución do período máximo de concesión en anos. Dito valor terá a consideración do Valor da oferta (Vof).

a) **Os valores de diminución de anos iguais ou inferiores o 8 % do prazo máximo de concesión estipulado no prego**, serán valorados segundo a seguinte fórmula:

$$P = (0,85 * Pmx * Vof)/Vref$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vof: valor da diminución do prazo da concesión en anos.

Vref: prazo máximo de concesión estipulada*0,10.

b) **Os valores de diminución do prazo de concesión superiores ó 8 % do prazo máximo estipulado no prego**, serán valorados segundo a seguinte fórmula:

Primeiro se calculará un novo valor de referencia para a valoración destas propostas de diminución do prazo que se denominará "valor de referencia 2 (Vref2)". Este valor será o resultado de sumarlle o (Vref) o 50 % da media aritmética de todas as ofertas realizadas da redución do prazo de concesión. dito valor será redondeado a un valor enteiro.

Todos os valores ofertados de diminución (Vof) iguais ou superiores o Vref2, corresponderalle a máxima puntuación deste apartado.

Para a valoración das propostas de diminución ofertados (Vof) a valorar neste apartado que sexan inferiores o Vref2, se lle aplicará a seguinte formula:

$$P = (0,85 * Pmx) + (0,15*Pmx)* Vof)/Vref2$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vof: valor para a disminución de anos sobre o máximo permitido.

Vref2: valor de referencia 2

Para a valoración deste apartado se terá en conta o valor en anos enteiros



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Angel Rivas González) 2013-08-06T12:22:44+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 27 de 68

Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

propostos como diminución do prazo máximo de explotación.

**b.4.- Proposta de incremento do canon:** se valorará con ata **20 puntos**

Se aplicarán os seguintes criterios:

Se calculará o incremento proposto polo licitador en relación ó canon mínimo estipulado no prego de 6.000,00 € e coa seguinte fórmula:

**Valor do incremento do canon ofertado (Vicof)=(Importe ofertado) – (canon mínimo recollido no prego)**

a) **Os valores de incremento das ofertas iguais ou inferiores o 50 % do importe mínimo estipulado no prego**, serán valorados segundo a seguinte fórmula:

**P = (0,85 * Pmx * Vicof)/Vref**

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vicof: valor do incremento do canon ofertado.

Vref: valor mínimo do canon*0,50.

b) **Os valores de incremento das ofertas superiores o 50 % do importe mínimo estipulado no prego**, serán valorados segundo a seguinte fórmula:

Primeiro se calculará un novo valor de referencia para a valoración destes incrementos que se denominará "valor de referencia 2 (Vref2)". Este valor será o resultado de sumarlle o (Vref) o 30 % da media aritmética de todas as ofertas realizadas (o total das propostas de canon realizadas)

Todos os valores de incremento do canon (Vicof) iguais ou superiores o Vref2, corresponderalle a máxima puntuación deste apartado.

Para a valoración das propostas de incremento do canon ofertado (Vicof) a valorar neste apartado que sexan inferiores o Vref2, se lle aplicará a seguinte fórmula:

**P = (0,85 * Pmx) + (0,15*Pmx)* Vicof)/Vref2**

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vicof: valor do incremento do canon ofertado.

Vref2: valor de referencia 2

**CLÁUSULA 17ª.- DETERMINACIÓN DO ADXUDICATARIO EN CASO DE EMPATE**

1.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliables mediante xuízo de valor estabelecidos na cláusula 16ª. A, por orden de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios e os seus subapartados. En caso de que se asine idéntica ponderación ós criterios, polo orden no que se relacionen na citada cláusula.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.



Documento asinado
ASINADO POR: Técnico Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:28+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-08T12:23:44+02:00 -

| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 28 de 68 |
|---|---|---|
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P. O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

2.- En segundo lugar, o empate resolverase a favor da oferta que inclúa un maior canon.

3.- De persistir o empate, adxudicarase á empresa que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 %.

4.- Se continuase o empate se efectuará un sorteo.

## CLÁUSULA 18ª.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS

A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas lle corresponde á **Mesa de contratación do Concello de Vigo**, cuxa composición figura no perfil do contratante do mesmo, aloxado na páxina WEB www.vigo.org.

- A cualificación da documentación presentada á que se refire o artigo 146.1 TRLCSP, efectuarase pola mesa de contratación constituída ó efecto no día e hora anunciados no perfil do contratante. O Presidente ordenará a apertura dos sobres que a conteñan (**sobre A**), e o Secretario certificará, co visto bo do presidente, a relación de documentos que figuren en cada un deles.

  Se a Mesa de contratación observase **defectos ou omisións subsanables na documentación** que se inclúe no sobre A, o comunicará ós interesados por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia mesa de contratación. O computo do citado prazo se iniciará no momento no que o licitador reciba a comunicación. Os licitadores poderán achegar a documentación requirida por correo electrónico.

- Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións de que adoecía, a mesa declarará admitidos á licitación ós licitadores que acrediten solvencia económica e técnica e o cumprimento dos demais requisitos indicados no artigo 146.1 TRLCSP, facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento, circunstancia que se comunicará ós licitadores rexeitados por correo electrónico ou fax ós efectos oportunos.

- Concluída a fase anterior, celebrarase o acto público de apertura do **sobre B**, no día e hora anunciado no perfil do contratante do concello de Vigo, que se entregará ó órgano encargado da súa valoración. Este acto se desenvolverá de conformidade co establecido no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

- A valoración outorgada ós criterios dependentes dun xuízo de valor darase a



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 29 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO 2013
INFORMA

coñecer no perfil do contratante con carácter previo ó acto público de apertura do sobre C.

- A apertura do **sobre C** terá lugar, en acto público, no día e hora anunciado no perfil do contratante do concello de Vigo. No mesmo se dará a coñecer o contido das proposicións económicas dos licitadores admitidos.

A Mesa poderá acordar, motivadamente, propoñer ó órgano de contratación o **rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas**, sempre e cando a documentación técnica e/ou económica que conteñan variasen as previsións dos pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ó licitador.

De todo o actuado se deixará constancia documental.

**CLÁUSULA 19ª.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS**

Neste procedemento non se fixan criterios para determinar as ofertas que conteñen valores anormais ou desproporcionados.

**CLÁUSULA 20ª.-NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES**

Cando a Mesa de contratación acorde, en uso das facultades que lle confire a lexislación contractual vixente, o rexeitamento de proposicións inicialmente admitidas comunicará esta circunstancia ós licitadores a través correo electrónico ou fax.

**CLÁUSULA 21ª.- ADXUDICACIÓN**

O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 151.1 do TRLCSP e requirirá ó licitador cuxa oferta estea clasificada en primeiro lugar a documentación sinalada no artigo 151.2 do TRLCSP.

O contrato deberá adxudicarse no prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da citada documentación.

A adxudicación do contrato será notificada ós participantes na licitación.

En todo caso, antes da formalización do contrato se esixirá:

- O pagamento dos anuncios de licitación, cuxo importe non poderá superar o límite fixado na cláusula 11ª deste prego.
- A póliza de seguros.
- Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución da mesma.

**CLÁUSULA 22ª.- GARANTÍAS ESIXIBLES**

O licitador que resulte adxudicatario do contrato, a fin de garantir o cumprimento das obrigacións contraidas, quedará obrigado a constituír, no prazo de dez días a partir da data da notificación da adxudicación, unha garantía definitiva (artigo 95.4 TRLCSP), polo importe do 5% sobre o valor estimado do contrato, tendo en conta o orzamento total contido para o mesmo na súa oferta.



APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.

Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T08:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 30 de 68 |
|---|---|---|
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

Unha vez finalizada a obra o adxudicatario, con carácter previo á data de inicio da prestación dos servizos vinculados a explotación e xestión deste contrato deberá constituír unha garantía complementaria (artigo 95.2 TRLCSP) pola xestión do servizo, a fin de garantir o cumprimento das obrigacións contraidas, especialmente as relativas á reversión das instalacións. Esta garantía deberá ser dun 2% do valor estimado do contrato, tendo en conta o orzamento total contido para o mesmo na súa oferta.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 96.1 e 2 do TRLCSP, cos requisitos esixidos nos artigos 55 a 58 do RLCAP.

No caso de que se constitúa:

- En metálico ou mediante certificados de inmobilización de valores anotados públicos ou privados, haberá de depositarse na Caixa do Concello de Vigo e acreditarase acompañando o resgardo xustificativo.
- Mediante aval, se acreditará coa presentación do documento no que se formalice.
- Mediante contrato de seguro de caución, se acreditará coa presentación do certificado individual de seguro.

**CLÁUSULA 23ª. PÓLIZA DE SEGURO**

1.- O concesionario deberá ter asegurados todos os riscos derivados da execución do contrato, incluídos os danos derivados dos defectos do proxecto.

2.- En particular, o contratista subscribirá, entre outras, a súa costa os seguintes seguros:

- Un contrato de seguro a todo risco de construción para a fase de execución das obras e cuxa suma asegurada non sea inferior o orzamento de execución da inversión.
- Un contrato de seguro de responsabilidade civil, no cal o capital asegurado non sexa inferior a 2.000.000,00 de euros. Nesta póliza deberán cubrirse os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas como consecuencia da execución dos traballos e actividades obxecto do presente contrato.
- Un seguro de danos que cubra os riscos de todo tipo que podan afectar a obra, instalacións e equipamentos existentes no complexo deportivo de Navia durante o período de explotación. Esta póliza de seguro cubrirá a totalidade dos bens que puideran ser entregados o Concesionario polo Concello, así como a totalidade dos bens e instalación incorporadas o servizo polo concesionario.

3.- Será necesario que o concesionario achegue unha declaración da súa aseguradora na



ASINADO POR Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:18:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado
Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 31 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

que se manifeste que as coberturas das pólizas son suficientes para facer fronte a todos os riscos derivados da execución deste contrato.

4.- O concesionario deberá xustificar documentalmente en cada exercicio o pago das correspondentes primas de seguros. As distintas pólizas a contratar se subscribirán e manterán en concordancia coas distintas fases en que se atope o contrato (construción, explotación e conservación). As pólizas correspondentes a fase de explotación e conservación da obra serán aportadas o Concello de Vigo polo concesionario, con anterioridade o inicio de dicha fase.

5.- Calquera modificación nas pólizas, deberá ser comunicada previamente ó órgano de contratación, así mesmo o concesionario comunicará de forma inmediata todo sinistro ou incidencia en relación ás coberturas dos seguros o Concello de Vigo.

**CLÁUSULA 24ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

A formalización do contrato se efectuará en documento administrativo ou ben en escritura pública, sendo do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ó artigo 156 do TRLCSP, dentro do prazo de cinco dias hábiles, contados desde o seguinte a aquel no que reciba o correspondente requirimento, o que se producirá unha vez transcorridos quince días hábiles seguintes á recepción da notificación da adxudicación polos licitadores, sen haberse interposto recurso especial en materia de contratación, en documento administrativo ou ben en escritura pública, a solicitude do adxudicatario, sendo do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ó artigo 156 do TRLCSP.

Con carácter previo á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar copia das pólizas de seguro previstas na cláusula 23ª.

**CLÁUSULA 25ª.- CONFIDENCIALIDADE**

Sen prexuízo das disposicións do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

**CLÁUSULA 26ª.- PROPIEDADE DOS TRABALLOS**

Toda a documentación que xenere o adxudicatario en execución do contrato será propiedade do Concello de Vigo.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaría de Goberno local,
P.O.



Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barberá Rodríguez) 2013-08-06T09:18:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

| | | |
|---|---|---|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 32 de 68 |
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
- 8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P. O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORMADO

ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

## TITULO III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

### Sección 1ª.- DA EXECUCIÓN DAS OBRAS

### CLÁUSULA 27ª.- FORMA DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

As obras executaranse con estrita suxeición ás prescricións estipuladas no contrato e de acordo co proxecto de execución presentado polo adxudicatario e aprobado polo órgano de contratación, que serven de base ó mesmo, e conforme ás instrucións que en interpretación destes, lle de o responsable facultativo das obras designado polo Concello de Vigo ó adxudicatario.

En caso de incumprimento destas ordes, o responsable facultativo das obras deberá propoñer ó órgano competente a paralización das mesmas, ata que sexa atendido o requirimento efectuado.

O contratista cumprirá o contrato de acordo cos principios de dilixencia e boa fe. A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, non obstante o establecido no artigo 231 do TRLCSP, para os supostos de forza maior.

### CLÁUSULA 28ª.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO

A execución das obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. O replanteo terá lugar dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a quince días dende a notificación ó contratista da aprobación do proxecto definitivo de execución da obra.

O contratista deberá convocar ó responsable do contrato, ó responsable facultativo, así como o Director Facultativo da Obra, a efectuar a comprobación de replanteo, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano de contratación.

Se o contratista non procede dentro do prazos indicados a realizar a comprobación do replanteo, sen causa xustificada, considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias previstas no artigo 237 do TRLCSP.

Cando o resultado da comprobación do replanteo acredite a posesión e disposición real dos terreos e a idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do Director Facultativo da Obra, e non existise reserva por parte do contratista, darase por este a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente no acta redactada, de cuxa



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 33 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila. O prazo de execución das obras comezará a contar desde o día seguinte ó da sinatura da acta.

**CLÁUSULA 29ª.- PROGRAMA DE TRABALLO, PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E RELACIÓN DE SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES**

O adxudicatario deberá presentar o programa de traballo dentro do prazo para a presentación do proxecto de execución da obra, e non poderá introducir ningunha modificación con respecto ó presentado coa oferta agás unha redución dos prazos total e parciais de execución da obra. O órgano de contratación deberá aprobalo dentro dos 15 días seguintes á súa presentación, podendo introducir na resolución aprobatoria, modificacións ou determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato.

Así mesmo, neste prazo o contratista deberá achegar o Plan de Seguridade e Saúde, e a relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar.

O Plan de Seguridade e Saúde será aprobado polo órgano de contratación previo informe favorable do director facultativo da obra ou do coordinador de seguridade e saúde, no seu caso.

**CLÁUSULA 30ª.- AUTORIZACIÓNS E LICENZAS**

O adxudicatario deberá solicitar e obter cantos permisos, autorizacións e licenzas así como presentar cantas comunicacións sexan precisas para a elaboración do proxecto e a execución das obras, baixo a súa exclusiva responsabilidade.

**CLÁUSULA 31ª.- TÉCNICO FACULTATIVO DA EMPRESA**

O adxudicatario quedará obrigado a comunicar ó Concello, con carácter previo á comprobación do replanteo, o nome do técnico director facultativo que ostentará a dirección de obra, sendo a cargo do adxudicatario cantos gastos ocasione esta designación e intervención facultativa.

**CLÁUSULA 32ª.- COMUNICACIÓN Á AUTORIDADE LABORAL DO INICIO DAS OBRAS**

O Director Facultativo da obra, directamente ou por medio do coordinador de Seguridade e Saúde, no seu caso, deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (artigo 18 do Real Decreto 1627/97, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción), documento cuxa presentación debe exhibir o Director Facultativo ó contratista.

**CLÁUSULA 33ª.- OBRIGAS DO CONTRATISTA EN RELACIÓN Á EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O contratista, ademais das obrigas especificadas noutras cláusulas deste prego, terá as seguintes obrigas en relación coas obras:

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Angel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 34 de 68 |
|---|---|---|
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
- 8 AGO. 2013
A Secretaría de Goberno local,
P. O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORMADO

**CONCELLO DE VIGO**

**CONTRATACIÓN**

Expediente 12242-333

a) Executar as obras incluídas no proxecto aprobado polo órgano de contratación, así como do equipamento e das instalacións resultantes e obrigatorias para o bo fin da prestación dos servizos.

b) Cumprir estritamente coa normativa sectorial de aplicación en relación ó obxecto do propio proxecto.

c) Deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

d) Está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de seguridade e saúde no traballo e de residuos, que terá en conta ó elaborar a súa proposición; así como das que se promulguen durante a execución das obras. En particular, deberá observar as prescricións contidas na Guía de Coordinación de Actividades do Concello de Vigo (BOP Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011).

e) Aboar as indemnizacións que procedan por ocupacións temporais e permisos que precise como consecuencia das obras.

f) Responderá da vixilancia dos terreos ou edificios en que teña que executarse a obra así como dos bens que haxa nos mesmos e os da propia obra, debendo poñer os medios precisos para evitar calquera dano ou subtracción, do que será responsable.

g) Colocar, ó seu cargo, carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións do Responsable facultativo das obras.

h) Realizar, á súa costa, se así o solicita o Responsable Facultativo da Obra, unha reportaxe fotográfica mensual sobre as mesmas, así como cantas fotografías lle puideran ser esixidas durante a execución daquelas.

i) A legalización de todas e cada unha das instalacións incluídas no proxecto ou aquelas que, non estando contempladas na súa totalidade no mesmo, se vexan afectadas directa ou indirectamente pola súa execución, sempre que a correspondente normativa determine a necesidade de regularizar a súa situación.

j) O cumprimento de todas as disposicións técnicas vixentes en relación coa actividade desenvolvida. Para utilizar materiais, subministracións, procedementos e equipos na execución do obxecto do contrato deberá obter as cesións, permisos e autorizacións precisas dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes; correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos, sendo responsable por todos os danos e perdas que para o mesmo poidan derivarse da interposición de calquera tipo de reclamacións derivadas da súa actuación.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas Gonzalez) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 35 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

k) Responder da calidade dos materiais empregados, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas; así como das consecuencias que lle sexan atribuíbles que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros ou, en xeral, incorrecta execución do contrato.

l) Previamente a aprobación da acta de recepción deberá entregar ó Responsable facultativo da obra un documento final de obra en formatos papel e dixital, que recolla como mínimo: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

m) Conservar as obras ata a recepción das mesmas.

n) Indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros ou á Administración como consecuencia das operacións que requira a execución das obras, de acordo co disposto no artigo 214 do TRLCSP.

o) Efectuada a recepción das obras executadas, procederase polo concesionario á declaración de obra nova e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade a nome do Concello. Será inscrito así mesmo o dereito real de concesión.

## CLÁUSULA 34ª.- FACULTADES DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DA ADMINISTRACIÓN

As obras executaranse con suxeición ó previsto no contrato, neste Prego, no proxecto, no prego de prescricións técnicas e de acordo coas instrucións que, en interpretación técnica destes, o director facultativo das obras lle dea ó contratista.

Cando estas instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito no máis breve prazo posible, para que sexan vinculantes para as partes.

Sen prexuízo dos ensaios previstos no proxecto da obra, nos que se estará ó contido do mesmo, o director facultativo da obra poderá ordenar que se realicen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra, e que se soliciten os informes específicos que en cada caso resulten pertinentes. Os gastos que se orixinen serán de conta do contratista.

A Administración a través do Responsable Facultativo das obras, goza das máis amplas facultades de comprobación e inspección das obras. A inspección poderá ter por obxecto comprobar as condicións técnicas de execución das obras, os requisitos para concorrer á súa adxudicación, as obrigas asumidas polo contratista en canto á súa execución. No exercicio desta potestade a Administración poderá recabar do contratista calquera documentación e información que estime oportuna; establecer os sistemas de control de calidade a empregar e ditar as ordes e instrucións oportunas para o estrito cumprimento do convido.

O contratista, pola súa parte, poderá requirir a identificación documental dos técnicos municipais encargados de exercer esta facultade de inspección e a entrega das instrucións do órgano de contratación por escrito.

## CLÁUSULA 35ª.- INCIDENCIAS

Cantas incidencias poidan xurdir entre a Entidade Local e o contratista serán tramitadas e resoltas pola primeira o máis axiña posible, de conformidade co procedemento de

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P. O.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barberá Rodríguez) 2013-08-06T08:18:25+02:00 - Conselleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 36 de 68 |
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
- 8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P. O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORMADO

resolución de incidencias previsto no artigo 97 do RLCAP, adoptando as medidas precisas para evitar que o ritmo de execución dos traballos poida verse afectado.

## CLÁUSULA 36ª.- DEMORA NA EXECUCIÓN DAS OBRAS

Cando o contratista, por causas imputables ó mesmo, incorra en demora ó respecto do incumprimento do prazo total o de algún o varios prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento destes últimos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o plan total, o Concello poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades que se establecen no artigo 212 do TRLCSP.

## CLÁUSULA 37ª.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO

1.- O contratista non poderá de forma unilateral, efectuar ningún cambio no proxecto aprobado.

2.- O Concello poderá introducir modificacións no proxecto de obra sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que no subsolo afectado polas obras aparezan construcións soterradas ou elementos de protección arqueolóxica.
- Que o subsolo afectado reúna condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.
- Por cambio de usos das superficies interiores e exteriores a construír.
- Requirimentos técnicos que melloren a eficiencia do proxecto.

3.- A modificación poderá afectar a unidades de obra relacionadas co movemento de terras, cimentacións, estrutura, cubertas e aislamentos, urbanización exterior, instalacións, mobiliario ou acabados exteriores e interiores.

4.- O plan económico - financeiro da concesión deberá recoller en todo caso, mediante os oportunos axustes, os efectos derivados do incremento ou diminución dos custes en caso de modificación.

## CLÁUSULA 38ª.- SUBCONTRATACIÓN DAS OBRAS

1.- O concesionario poderá optar por realizar directamente as obras, ou subcontratar con terceiros a súa execución.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

Documento asinado

| | |
|---|---|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 Páxina 37 de 68 |
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
08 AGO. 2013
INFORMS

2.- Entenderase que o concesionario realiza as obras directamente cando a súa execución se encomende a empresas que se haxan agrupado para obter a concesión, ou ás empresas vinculadas a elas. Entenderase por empresa vinculada as comprendidas no suposto do apartado 2 do artigo 274 do TRLCSP.

3.- No suposto de que o concesionario non realice as obras directamente na contratación con terceiros deberá atender ás normas contidas nos apartados 3 e 4 do artigo 274 do TRLCSP.

4.- Será de aplicación ó proceso de subcontratación para a execución das obras polo concesionario o réxime de publicidade da convocatoria disposto no artigo 142 do TRLCSP.

5.- O concesionario deberá comunicar anticipadamente e por escrito ó Concello a celebración dos correspondentes subcontratos, sinalando a parte da obra que pretende subcontratar e a identidade do subcontratista xustificando suficientemente a aptitude deste para realizala por referencia ós elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia.

6.- O concesionario obrigarase a abonar ós subcontratistas e subministradores o pago do prezo pactado con uns e outros en prazos e condicións que non sexan máis desfavorables que os establecidos no artigo 216 do TRLCSP.

7.- Os subcontratistas quedan obrigados só ante o concesionario que asumirá a total responsabilidade da execución da obra fronte ó Concello, con arranxo estrito ó presente Prego e ó Prego de prescricións técnicas particulares.

## CLÁUSULA 39ª.- LIBRO DE ORDES

1.- O "Libro de Ordes" será dilixenciado previamente polo Responsable Facultativo da obra, abrírase na data de comprobación do replanteo e se pechará na da recepción definitiva. Durante o dito período de tempo estará á disposición da Dirección Facultativa da obra, que, cando proceda, anotará as ordes, instrucións e comunicacións que estime oportunas, rubricándoas coa súa sinatura.

2.- O Contratista estará tamén obrigado a transcribir no dito libro, por medio do seu Delegado de obra ou Xefe de Obra, cantas ordes ou instrucións reciba por escrito da Dirección facultativa, e a firmar, ós efectos procedentes, o oportuno acuse de recibo, sen prexuízo da necesidade dunha posterior autorización de tales transcricións pola Dirección, coa súa sinatura, no libro indicado.

3.- Efectuada a recepción definitiva da obra o "Libro de Ordes" pasará a poder do Concello de Vigo, se ben poderá ser consultado en todo momento polo Contratista.

## CLÁUSULA 40ª.- CONTROL DE CALIDADE

1.- O contratista deberá axuntar co programa de traballo o desenvolvemento do control de calidade e unidades de obra durante a execución desta en relación ós ensaios técnicos específicos sobre a execución da obra e os procesos de autocontrol de calidade na execución de todos os procesos da mesma, o cal deberá axustarse as necesidades derivadas do proxecto de obra definitivo e cumprir con todos os requisitos indicados na súa oferta. O responsable facultativo da obra exercerá no ámbito das súas responsabilidades, as funcións de revisión e supervisión do plan proposto, e propoñerá ó órgano de contratación a súa aprobación no prazo dos quince días seguintes a súa presentación.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.



Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barberá Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro Do Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 38 de 68 |
|---|---|---|
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

2.- O desenvolvemento no tempo das actividades a realizar para o control de calidade deberá ser coherente co programa de traballo presentado e economicamente suporá o importe total que corresponda á porcentaxe do orzamento de execución material do proxecto a que o contratista se comprometeu na súa proposición.

3.- O responsable facultativo da obra realizará o seguimento do desenvolvemento das tarefas do control de calidade, para o cal ditará as instrucións necesarias directamente os responsables da empresa concesionaria como única responsable da contratación e execución destes traballos.

## CLÁUSULA 41ª.- SINALIZACIÓN DAS OBRAS

1.- O contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais precisos, de conformidade coa normativa vixente segundo a natureza das obras, para indicar o acceso ás mesmas, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debido á marcha daqueles tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións, así como a cumprir as ordes que reciba por escrito da dirección facultativa da obra sobre a instalación de sinais complementarios ou modificación das xa instaladas.

2.- Así mesmo, deberá balizar a obra de forma que garanta a inaccesibilidade á mesma de vehículos e persoas alleas.

## CLÁUSULA 42ª.- OFICINA DE OBRA

O Contratista habilitará na obra unha oficina na que existirá unha mesa ou taboleiro adecuado, no que poidan estenderse e consultarse os planos. Na devandita oficina terá sempre o Contratista a disposición da Dirección Facultativa a seguinte documentación:

- Proxecto de Execución completo, incluídos os proxectos modificados e/ou complementarios que no seu caso o Director Facultativo autorizase.
- Libro de Ordes e Asistencias.
- Plan de Seguridade e Hixiene e o Estudo de Seguridade.
- Libro de Incidencias.
- Libro de subcontratación
- Plan de Xestión de Residuos e/ou contrato con xestor de residuos autorizado.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques_Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado
Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 39 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

**CLÁUSULA 43ª.- ALMACÉNS E DEPÓSITOS**

O Contratista deberá realizar pola súa conta as instalacións que puidera necesitar para asegurar a conservación de materiais, evitando a súa desaparición destrución ou deterioro, previa autorización da Dirección Facultativa. Igualmente no caso de destinar a eses fins algunha zona da obra sen instalacións específicas para elo.

**CLÁUSULA 44ª.- COMPROBACIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS**

1.- O término das obras, e a efectos do seguimento do correcto cumprimento do contrato polo concesionario, procederase ó levantamento dunha acta de comprobación por parte da Administración concedente.

2.- Á acta de comprobación acompañarase un documento de valoración da obra pública executada e, no seu caso, unha declaración do cumprimento das condicións impostas na declaración de impacto ambiental, que será expedido polo órgano de contratación e no que se fará constar o investimento realizado.

3.- A aprobación da acta de comprobación das obras polo órgano da Administración concedente levará implícita a autorización para a apertura das mesmas ó uso público, comezando desde ese momento o prazo de garantía da obra cando fose executada por terceiros distintos do concesionario, así como a fase de explotación.

4.- En relación coas obras executadas que non formarán parte da xestión do complexo deportivo segundo o especificado na cláusula 3 deste prego, procederase a realización dun acta de recepción das mesmas por parte do Concello de Vigo, comezando desde este momento o prazo de garantía da obra, así como a responsabilidade do seu mantemento e xestión a cargo do Concello de Vigo.

**CLÁUSULA 45ª.- DESPEXE FINAL DAS OBRAS**

As zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, restituiranse á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

**CLÁUSULA 46ª.- PRAZO DE GARANTÍA DA OBRA**

O prazo de garantía da execución da totalidade das obras comprendidas no obxecto do contrato será dun ano, contado a partir da data de recepción da execución das obras por parte do Concello de Vigo.

**Sección 2ª.- DAS PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN**

**CLÁUSULA 47ª.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN**

1.- O Concello de Vigo, nos termos establecidos no TRLCSP, na lexislación vixente e no presente prego, ostentará as seguintes prerrogativas:

a) Interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P. O.



Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barberá Rodríguez) 2013-08-06T08:19:26+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 40 de 68 |
|---|---|---|
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME



b) Modificar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas nos termos definidos no artigo 282 do TRLCSP.

c) Acordar a resolución do contrato nos casos e nas condicións que se establecen no presente prego e no TRLCSP.

d) Vixiar as obras e instalacións que se efectúen no inmoble, e comprobar o seu estado de conservación e limpeza, e isto sen prexuízo das facultades inspectoras doutros organismos públicos.

e) Vixiar e controlar o cumprimento das obrigas do concesionario, a cuxo efecto poderá inspeccionar o servizo, as instalacións e locais, así como a documentación relacionada co obxecto da concesión.

f) Asumir a xestión e explotación total ou parcial do servizo público nos supostos no que se produza o secuestro da concesión.

g) O rescate da concesión antes do seu vencemento, por circunstancias sobrevidas de interese público ou por esixencias do planeamento vixente.

h) Impoñer ó concesionario penalidades por razón dos incumprimentos en que incorra, nos casos e nas condicións que se establecen no presente prego e na lexislación vixente.

i) Esixir ó concesionario, no prazo que se fixe no escrito de requirimento, a adopción de medidas, ou a realización de obras e reparacións, que resulten necesarias para a correcta conservación e mantemento do inmoble, das súas instalacións e dependencias.

j) Exercer as funcións de policía no uso e explotación do servizo público.

k) Acordar a supresión do servizo por razóns de interese público.

l) Calquera outras prerrogativas recoñecidas na lexislación vixente.

Dentro dos límites sinalados neste prego, e con respecto ás atribucións conferidas a outros suxeitos que actúen como auxiliares do órgano de contratación, ditas facultades exerceranse polo responsable do contrato.

## Sección 3ª.- DO RÉXIME ECONÓMICO-FINANCEIRO DA CONCESIÓN

## CLÁUSULA 48ª.- RISCO E VENTURA DO CONCESIONARIO



Documento asinado
Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 41 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

1.- O concesionario asume os riscos e as responsabilidades que se deriven da execución dos proxectos, e o financiamento, construción, explotación e conservación do servizo público obxecto de concesión así como dos elementos comprendidos no contrato, nos termos descritos na lexislación de contratos e no presente prego.

2.- A totalidade do contrato, nos seus aspectos de construción, xestión, explotación, conservación e financiamento, desenvolvese a risco e ventura do concesionario.

En particular, o concesionario asume:

- O risco e ventura derivado do custo, vicios e defectos da construción.
- O risco e ventura da evolución das condicións financeiras do mercado ó longo do prazo concesional.
- O risco e ventura de demanda de uso, sen que poida reclamarse do Concello de Vigo ningunha compensación polo feito de que a evolución real da mesma difira do previsto na súa proposición. O Concello non outorga ningunha garantía en relación co contido das previsións de demanda do servizo incluídas no anteproxecto de explotación.

3.- Así mesmo, o Concello non garante fronte a terceiros as obrigas e responsabilidades do concesionario.

## CLÁUSULA 49ª.- EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCEIRO DA CONCESIÓN

1.- O concesionario ostenta o dereito á revisión das tarifas sinaladas na súa oferta ó obxecto de manter o equilibrio económico-financeiro do contrato.

2.- No suposto de que o Concello de Vigo, por razóns de interese público, modificase as características do servizo público e estas modificacións afecten ó réxime económico-financeiro do contrato, a Administración Municipal deberá compensar ó contratista ó obxecto de manter o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados básicos na adxudicación.

3.- Non dará lugar a indemnización os acordos da Administración Municipal respecto do desenvolvemento do servizo que carezan de transcendencia económica.

4.- En ningún caso dará lugar á revisión de tarifas ou á percepción de subvencións os aumentos salariais pactados en Convenios de Empresa.

## CLÁUSULA 50ª.- PLAN ECONÓMICO- FINANCEIRO

1.- O concesionario presentará coa súa oferta o Plan Económico-Financeiro da concesión.

2.- Unha vez aprobado polo órgano de contratación o proxecto definitivo das obras, o concesionario deberá presentar, no prazo dun mes, a versión definitiva do Plan Económico-Financeiro da concesión cos instrumentos de financiamento de que disporá durante o período da mesma.

3.- O Concesionario debe presentar un Plan Económico Financeiro revisado, nos casos seguintes:

a) En caso de que o financiamento se formalice en termos economicamente máis vantaxosos para o Concesionario que os tidos en conta para a Proposición.

b) No caso de que o investimento real do Concesionario no financiamento da obra



APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
- 8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.

ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T08:18:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
- 8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME



resulte, por causas debidamente xustificadas, inferior ó investimento máximo previsto na súa Proposta.

A revisión realizarase polo Concesionario e comprenderá unicamente a actualización dos datos indicados nos apartados precedentes e os seus efectos en viabilidade e rendibilidade da Concesión, deixando inalterados os demais termos tidos en conta no plan. Deberá ser aprobada polo órgano de contratación e producirá efectos dende a data na que se produciran os feitos que dean causa á revisión.

4.- O prazo para a implantación do Plan Económico–Financeiro será o previsto no mesmo. A estes efectos, considerarase implantado na data na cal a totalidade dos contratos relevantes, previstos no mesmo, fosen asinados polas partes contratantes. No caso de financiamento mediante fondo de titulación, a data de implantación do Plan será a data na que se produza a verificación do mesmo por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que fosen asinados a escritura de constitución do fondo e o resto de contratos relevantes previstos nel.

5.- O concesionario será o único responsable da posta en práctica do Plan-Financeiro aprobado, debendo executalo nos termos aprobados e asumindo integramente o resultado real da súa execución.

## CLÁUSULA 51ª.- CONTABILIDADE E AUDITORIA

1.- O concesionario do servizo público rexerase polos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados. Considéranse principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados os establecidos en:

- Código de Comercio e o resto da lexislación mercantil.
- Plan Xeral de Contabilidade
- Resto da lexislación que sexa especificamente aplicable.

2.-Calquera cambio na normativa vixente consecuencia da aplicación de normas internacionais de contabilidade entenderase en todo caso que non afecta ó equilibrio económico financeiro da concesión.

3.-A concesionaria poderá disfrutar durante o período concesional da facultade de amortizar os elementos do activo perecedoiros ou suxeitos a reversión, segundo o plan previsto na oferta adxudicataria axustándose ás normas contables que lle sexan de aplicación.

4.-A concesionaria estará obrigada á realización das seguintes auditorías:



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado
Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 43 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

- Auditorías financeiras ó peche do seu exercicio social
- Con carácter obrigatorio cada dous exercicios, a partir do inicio da fase de explotación da concesión, estará obrigada a presentar ó Concello, unha auditoría operativa do funcionamento dos servizos xestionados, na cal se avalíe o cumprimento das obrigas asumidas en relación co obxecto do contrato.

5.- O responsable do contrato velará polo cumprimento do disposto no apartado anterior. Á estes efectos farase unha valoración do resultado das auditorías e daráselle conta da mesma á Xunta de Goberno Local. Dito informe deberá constar dunha conclusión sobre o desenvolvemento do contrato e a súa estabilidade analizando si existisen variacións entre a explotación real e a prevista. De dito informe se dará conta á área económica do Concello ós efectos oportunos.

6.- O custo destas auditorías será integramente asumido polo adxudicatario, quen poderá seleccionar libremente o auditor de entre sinaturas de recoñecido prestixio. Os informes das auditorías financeiras e operativas deberán ser entregados antes do día 30 de xuño do ano seguinte a aquel exercicio ou período ó que corresponda, sendo o primeiro exercicio obrigatorio o seguinte a aquel no que se inicie a explotación do servizo.

## Sección 4ª.- DOS DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATISTA

### CLÁUSULA 52ª.- DEREITOS DO CONCESIONARIO

Sen prexuízo do dereito de inspección e vixilancia do servizo público que lle corresponde ó Concello, o concesionario ostentará os seguintes dereitos:

a) Utilizar os bens de dominio público, vinculados ó contrato e necesarios para a construción, conservación e explotación das obras obxecto do contrato.

b) Percibir dos usuarios do servizo público as tarifas aprobadas.

c) Mantemento do equilibrio financeiro da concesión na forma prevista no presente Prego e demais documentos que rexen a concesión, conforme co previsto no artigo 282 do TRLCSP.

d) Transmitir a concesión a terceiras persoas cumprindo as condicións previstas na cláusula 61ª.

e) Hipotecar a concesión nas condicións establecidas no TRLCSP previa autorización do órgano de contratación.

f) Obter protección xurídica por parte do Concello a fin de que sexa respectado fronte a todos na súa condición de concesionario, facendo prevalecer o Concello a súa autoridade cando fose necesario, co fin de impedir ou facer cesar calquera perturbación do normal desempeño do servizo.

g) Solicitar a revisión de tarifas de acordo coas especificacións previstas na cláusula 9.A deste prego.

h) Calquera outros que se deriven do presente Prego e os recoñecidos expresamente polo TRLCSP.

### CLÁUSULA 53ª.- HIPOTECA

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbeira Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 44 de 68 |
|---|---|---|
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local, P.O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

1.- O concesionario poderá hipotecar, previa autorización do órgano de contratación, o dereito real de concesión administrativa en garantía de débedas que garden relación co obxecto do contrato.

2.- A hipoteca rexerase polo disposto nos artigos 261 a 264 do TRLCSP e deberá cancelarse cinco anos antes da data fixada para a reversión da concesión.

3.- En caso de resolución da concesión, o Concello de Vigo dará audiencia ó acredor hipotecario por si este quixera subrogarse na posición de concesionario, sempre que ilo fose compatible co bo fin da concesión.

4.- O adxudicatario no procedemento de execución hipotecaria quedara subrogado na posición del concesionario previa autorización administrativa, na que se comprobará se cumpre os requisitos esixidos ó concesionario. Se houbera finalizado a construción do complexo deportivo só se esixirán ó executante os requisitos necesarios para levar a cabo a explotación do servizo.

## CLÁUSULA 54ª.- PUBLICIDADE

1.- O adxudicatario poderá explotar os espazos destinados a publicidade existentes nas instalacións, e realizar actividades de patrocinio, esponsorización e análogas, previa autorización do concello. Os ingresos derivados destas actividades lle corresponderán ó concesionario, salvo cando se trate de actividades promovidas polo Concello.

2.- O Concello non autorizará aquelas actividades publicitarias que polo seu obxecto, forma ou contido podan ser contrarias ós fins xerais deste contrato ou que sexan contrarias á lexislación nesta materia.

3.- O Concello de Vigo se reservará o 25 % dos espazos dedicados a publicidade autorizados para a comunicación de accións municipais ou da propia imaxe institucional.

## CLÁUSULA 55ª.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO

Serán obrigas do concesionario, ademais das que se deriven doutras cláusulas deste prego:

a) En relación a execución das obras:

   a. As previstas na cláusula 33 deste prego.



| | | |
|---|---|---|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 45 de 68 |
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

b) En relación coa prestación dos servizos:

a. Xestionar o servizo obxecto de concesión, asumindo o risco económico da explotación.

b. Aboar o canon concesional ó Concello no prazo fixado.

c. Obter os permisos e autorizacións necesarias para a posta en marcha e o funcionamento das instalacións deportivas.

d. Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir ós particulares o dereito a utilizalo, nas condicións establecidas e mediante o abono das tarifas aprobadas.

e. Xestionar as instalacións do modo disposto no PCAP no PCTP, no contrato e no Regulamento de Servizos para os centros deportivos Municipais xestionados mediante concesión de servizo público.

f. Coidar a boa orde no desenvolvemento dos servizo, pudendo ditar as oportunas instrucións de funcionamento e xestión da instalación, sen prexuízo dos poderes de policía a que se refire o artigo 279.2 do TRLCSP.

g. Exercer por si a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros sen a anuencia do Concello, que só poderá autorizala nas circunstancias que sinala a lexislación vixente.

h. Deberá contar co persoal suficiente e cualificado para a prestación do servizo. Dito persoal dependerá de maneira exclusiva da empresa adxudicataria. O adxudicatario comprométese a retribuír adecuadamente ó seu persoal e queda obrigado, respecto ó mesmo, ó cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atope vixente en cada momento. Este persoal deberá dispor de algún elemento distintivo que acredite a súa relación coa empresa contratista e permita ós usuarios identificalo.

i. Facilitar ó Concello de Vigo toda a información requirida e permitir a inspección de todas as súas instalacións a persoal autorizado polo mesmo.

j. Prestar o servizo médico e de salvamento e socorrismo que para cada actividade se esixa polas normativas sectoriais de aplicación, así como custodia do botiquín, e realización de curas de emerxencia e primeiros auxilios, velando pola seguridade dos usuarios/as.

k. Adaptar, durante o período concesional, as instalacións de que consta o Complexo Deportivo, a cantas normas se establezan en relación co obxecto dos servizos que preste. En relación a esta adaptación o adxudicatario non poderá reclamar ó Concello de Vigo, ningún tipo de indemnización ou compensación no suposto de que foran necesarias inversións nos procesos de adaptación.

l. Aboar os gastos de teléfono, enerxía eléctrica, gas, subministración de auga, e calquera outro de natureza semellante, así como os servizos de limpeza, vixilancia e seguranza do recinto.

m. Satisfacer as contribucións, licencias e calquera tributo que graven o exercicio da actividade.

n. Dispoñer de follas de reclamación e listas de tarifas e prezos a disposición do público usuario.

o. O concesionario non poderá arrendar nin subarrendar as instalacións que conforman a actividade principal obxecto do presente contrato, no entanto, as instalacións

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
- 8 AGO. 2013
A Secretaría de Goberno local,
P.O.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbera Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 46 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Gobemo local.
P.O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA
06 AGO. 2013
INFORME

complementarias poderán arrendarse para actividades lúdico-deportivas previa autorización do órgano de contratación.

p. Responderá dos danos que podan ocasionarse tanto a terceiros como á Administración municipal como consecuencia da execución do contrato.

q. Non allear bens afectos á concesión que houberan de reverter ó Concello, nin gravalos, salvo autorización expresa do mesmo.

r. Deixar ó termo da concesión libres e baleiros a disposición da Administración Municipal, dentro do prazo establecido, as instalacións e bens afectos á concesión.

s. Presentar anualmente unha vez inicie a explotación do servizo unha memoria na que se detallen todos os datos necesarios para a valoración da actividade desenvolvida.

c) Sobre o bo coidado das instalación e o seu mantemento:

a. Terá o deber de adquirir, manter e renovar todos os elementos necesarios para unha adecuada explotación dos servizos a desenvolver, de acordo co plan de explotación aprobado.

b. Deberá manter en perfecto estado de conservación (seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato) os edificios, instalacións técnicas e demais elementos das instalacións deportivas, de conformidade coas especificacións establecidas no seu programa de funcionamento, mantemento e conservación. A Administración municipal poderá ditar instrucións, para garantir o cumprimento deste ámbito que serán de obrigado cumprimento para o adxudicatario.

c. Deberá asumir ó custe derivado da redacción de informes, proxectos, realización das obras e demais actuacións necesarias consonte á Ordenanza municipal de Inspeccións Técnicas de Edificaciones e demais normativa que regule o deber legal de conservación en cada momento, e remitir os citados documentos ó concello para a súa tramitación.

d. Correrá a cargo do concesionario a seguridade, garda e custodia das instalacións. Para o control dos accesos deberá dispor dos medios humanos e/ou técnicos para garantir o servizo. Deberá presentar o plan de autoprotección que desenvolva os aspectos de seguridade e evacuación no prazo máximo de dous meses seguintes á sinatura do contrato. Durante o período que transcorra entre a sinatura do contrato e a aprobación do Plan polo Concello, cada unha das actividades que se desenvolvan nas instalacións deberán contar coa autorización pertinente nas materias de referencia.



Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administracion Xeral (Beatriz Barbará Rodriguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

| | | |
|---|---|---|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 47 de 68 |
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

e. Todas as tarefas de mantemento deberán atender o aseguramento do máximo respecto ó medio ambiente, dentro dos límites técnicos do proxecto.

d) Sobre o seguimento do plan económico e financeiro da explotación:

a. Deberá levar uns adecuados controis de carácter financeiro e operativo na concesión, para o cal deberá dispor dun sistema informático de control de todo o inmobilizado adscrito á concesión, perfectamente individualizado e valorado.

b. Presentar anualmente ó órgano de contratación unha Memoria onde consten como mínimo os seguintes datos: Balance da empresa, detalle de ingresos e gastos, datos relativos ó número de usuarios das instalacións.

c. Desenvolver e presentar ante o Concello de Vigo os resultados dos procesos de auditorías recollidas na cláusula 50ª do presente prego.

e) Sobre a constitución da sociedade titular da concesión, no caso de que o licitador tivese manifestado o compromiso de constituíla de resultar adxudicatario:

a. A sociedade que será a titular da concesión deberá ser constituída no prazo dun mes dende a notificación da adxudicación e con carácter previo a formalización do contrato.

b. Esta sociedade deberá cumprir cos seguintes requisitos:

1. Adoptar a forma societaria de sociedade de responsabilidade limitada ou sociedade anónima.
2. Ter o seu domicilio social en Vigo.
3. O obxecto social da sociedade consistirá exclusivamente na xestión da presente concesión.
4. A personalidade xurídica da sociedade deberá permanecer invariable durante todo o período da duración do contrato, incluídas as prórrogas que puidesen acordarse, recollendo nos seus estatutos sociais a prohibición expresa de efectuar, sen a correspondente autorización do órgano de contratación, calquera das operacións societarias de transformación, absorción, escisión ou fusión reguladas nas lexislación aplicable.
5. A sociedade concesional deberá adoptar o modelo de contabilidade que se especifica neste prego.
6. A sociedade non poderá disolverse nin liquidarse ata que se extinga o contrato concesional por calquera das causas enumeradas no TRLCSP ou no presente prego.

**CLÁUSULA 56ª.- RESPONSABILIDADE POR DANOS**

O contratista será responsable dos danos ocasionados á Administración ou a terceiros derivados dos defectos do proxecto, da execución das obras ou da xestión da concesión. En consecuencia, deberá ter asegurados todos os riscos derivados da execución do contrato contratando a estes efectos os seguros descritos na cláusula 23ª deste prego.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P. O.



Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barberá Rodríguez) 2013-08-06T09:18:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

| | |
|---|---|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 48 de 68 |
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA
06 AGO. 2013
INFORME



**CLÁUSULA 57ª.- PERSOAL DO CONTRATISTA**

1.- A empresa contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución dos servizos ó seu cargo en virtude do presente contrato, nos termos contractuais e os legalmente estabelecidos, e coa máxima calidade e eficiencia. En concreto, garantirá:

a) A cobertura permanente dos postos de traballo ofertados na súa proposición e coas súas correspondentes funcións. En consecuencia, o adxudicatario efectuará o seu cargo e inmediatamente as substitucións precisas do persoal que teña asignado ó servizo, por calquera causa que se produzan, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada. Por outro lado, en caso de que o persoal ofertado resultase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para dar a atención debida ó servizo, sendo a seu cargo o incremento de custes que se produza por tal causa.

b) A categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado ó contrato. A incapacidade demostrada de algún empregado para o servizo, poderá xustificar o requirimento da súa substitución, por parte do órgano de contratación, a través do responsable do contrato.

3.- O persoal asignado ó contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo a Administración contratante allea a ditas relacións laborais. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún por dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a esta responsabilidades de ningunha clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despidos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

4.- O adxudicatario comprométese a retribuír adecuadamente ó persoal destinado ó servizo con cargo ó prezo da adxudicación do contrato, asumindo de forma directa e non trasladable a Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de Convenios Colectivos, pactos ou acordo de calquera índole; de modo que, en ningún caso, afectarán ó equilibrio económico-financeiro da concesión.

5.- O adxudicatario queda obrigado, respecto ó seu persoal destinado ó servizo, ó cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atope vixente en cada momento.

6.- En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole, ocorrido ós traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen en modo ningún á



ASINADO POR Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 49 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA

Administración contratante.

7.- No seu caso, será obriga do adxudicatario uniformar e identificar convenientemente a todo o persoal durante o tempo que desenvolva o servizo, seguindo as directrices que ó respecto lle dite o Órgano de contratación. Este persoal deberá dispor de algún elemento distintivo que acredite a súa relación coa empresa contratista.

8.- Unha vez adxudicado o contrato, e en todo caso previamente ó inicio da súa execución, o contratista comunicará ó Concello de Vigo a relación de persoal que adscriba ó servizo, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios. Igualmente comunicará calquera variación que poida producirse durante a execución do mesmo.

9.- O contratista estará obrigado a presentar mensualmente ó servizo xestor do expediente os documentos acreditativos de ter satisfeito as cotas á seguridade social do persoal adscrito á prestación do servizo, e en todo caso cando o solicite a administración.

10.- Antes do inicio dos traballos o contratista terá que acreditar por escrito ante o servizo xestor do expediente as seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de actividades empresariais:

a) Que o contratista e as súas subcontratas realizaron para a obra e o servizo obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.

b) Que o contratista e as súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

11.- Así mesmo, o persoal asignado polo adxudicatario para a realización das prestacións obxecto do contrato deberá cumprir a normativa relativa á protección de datos de carácter persoal.

12.- O contratista designará un representante que será o único interlocutor entre a empresa e o Concello e velará pola correcta execución das prestacións obxecto do contrato. Salvo casos excepcionais debidamente xustificados o responsable municipal do contrato unicamente manterá relación por razón da execución do mesmo co responsable designado pola empresa, sen prexuízo da debida relación de cordialidade e colaboración co resto do persoal do adxudicatario no desenvolvemento do seu traballo.

13.- Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do mesmo como persoal do Concello de Vigo.

**CLÁUSULA 58ª.- USO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS. CLÁUSULA DE PROGRESO**

1.- O contratista deberá coidar da adecuada aplicación das normas sobre uso, policía e conservación das instalacións construídas vinculadas á xestión e explotación.

2.- Así mesmo, deberá manter as instalacións construídas de conformidade co que, en cada momento e segundo o progreso da ciencia, dispoña a normativa técnica, medioambiental, de accesibilidade e eliminación de barreiras e de seguridade dos usuarios que resulte de aplicación. Correspondéndolle a realización das obras necesarias para a adecuación, reforma e modernización das instalacións para adaptalas ás características técnicas e funcionais requiridas. En ningún caso as inversións realizadas neste sentido poderán ser alegadas para o restablecemento do equilibrio económico-financeiro da concesión.

DE GOBERNO LOCAL DE DATA
- 8 AGO. 2013
A Secretaría de Goberno local,
P. O.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 50 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

3.- O concesionario será o responsable do cumprimento de calquera obrigación de avaliación, inspección técnica e conservación da edificación, urbanización e instalacións afectas ó servizo que a normativa urbanística ou calquera outra sectorial esixan, sendo ó seu cargo os gastos derivados das mesmas durante o prazo concesional e ata que se produza a recepción final á extinción da concesión.

**CLÁUSULA 59ª.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

1.- O adxudicatario e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poida ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obrigación que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, de 13 de decembro de 1999.

2.- O adxudicatario deberá informar ó seu persoal das obrigacións que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidésese incorrer.

**Sección 5ª.- DO RÉXIME DE PENALIDADES POR INFRACCIÓNS CONTRACTUAIS**

**CLÁUSULA 60ª.- INFRACIÓNS**

Considerarase infracción calquera acción ou omisión por parte do concesionario que supoña a vulneración das obrigacións establecidas no presente Prego, e nas demais normas de xeral aplicación.

As infraccións clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ó maior ou menor prexuízo que se cause á administración ou os usuarios.

**1. Constitúen infraccións leves:**

a) A falta de atención e consideración cos usuarios polo persoal ó servizo do Concesionario.



ASINADO POR Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 51 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA
06 AGO. 2013
INFORME

b) A interrupción dos servizos derivados da explotación sen causa que o xustifique, durante mais de tres horas.

c) A omisión de datos ou a demora inxustificado na súa entrega, cando lle sexan solicitados polo Concello.

d) A falta de notificación á Administración municipal de modificacións non substanciais do proxecto técnico.

e) O descoido ou mera neglixencia no cumprimento das obrigas concesionais que non comporten perdas apreciables ás persoas, ou o patrimonio municipal.

f) A desobediencia do concesionario ós requirimentos dos técnicos municipais, sempre que o obxecto dos mesmos non constitúa falta grave ou moi grave.

g) A falta de ornato ou limpeza das instalacións.

h) As infraccións leves de normas laborais, tributarias ou administrativas.

i) O incumprimento das demais obrigas concesionais non tipificadas como graves ou moi graves.

**2. Constitúen infraccións graves:**

a) Producir danos a terceiros como consecuencia do mal funcionamento das instalacións da concesión.

b) A falta de mantemento ou conservación do complexo deportivo, sempre que non supoña deterioro grave das instalacións afectas ó contrato de concesión.

c) Allear bens afectos á concesión que houberan de reverter ó Concello, ou gravalos sen autorización expresa do mesmo.

d) A ocultación, omisión, deformación ou negación de datos e informes, por parte do Concesionario, que se soliciten dentro das tarefas de inspección e vixilancia do Concello respecto do funcionamento da concesión.

e) A reclamación ou percepción de calquera tipo de retribución dos usuarios distintas das autorizadas.

f) A falta de notificación á Administración municipal de modificacións substanciais do proxecto técnico.

g) Os defectos na calidade dos materiais ou na execución das obras que non afecten á seguranza e funcionalidade das instalacións afectas á concesión ou o incumprimento das instrucións ditadas pola autoridade municipal a estes efectos.

h) A neglixencia nas condicións hixiénico-sanitarias das instalacións deportivas xestionadas polo concesionario.

i) Calquera actuación que dificulte gravemente o control ou a inspección municipal dos traballos contratados ou a falta de presentación da documentación relativa ó funcionamento do servizo.

j) A infracción grave de normas laborais, tributarias, administrativas e de seguranza.

k) Os actos ou omisións que podan ser motivo de perigo para a saúde pública así como a tardanza ou neglixencia en corrixir defectos ou situacións que determine perigo para as persoas ou cosas.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA
DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.



Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barberá Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 52 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaría de Goberno local, P.O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

l) Non admitir o acceso as instalacións da concesión a toda persoa que cumpra os requirimentos dispostos.

m) Calquera práctica fraudulenta ou irregularidade grave na explotación das instalacións que supoña discriminación para os usuarios ou enriquecemento inxusto.

n) O impago ou retraso no aboamento do canon concesional, nun prazo superior a 2 meses a data limite fixada para o mesmo.

o) A comisión de tres ou máis infraccións, tipificadas como faltas leves no presente prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaido resolución firme en vía administrativa.

p) O incumprimento das demais obrigas concesionais non tipificadas como leves ou moi graves.

**3. Constitúen infraccións moi graves:**

a) O incumprimento do requirimento efectuado pola Administración para a presentación do Proxecto de Execución e o Estudio xeotécnico e de seguranza e saúde cando non se tivera cumprido esta obriga no prazo sinalado no presente Prego.

b) A falta de mantemento ou conservación do complexo deportivo que supoña deterioro grave das instalacións afectas ó contrato de concesión ou a inutilización de algún dos seus elementos antes do período normal da súa amortización.

c) O cobro de prezos superiores ós aprobados pola Administración municipal en concepto de prezos ou tarifas pola entrada e/ou uso de todas as instalacións.

d) Abandono da execución das obras, entendéndose por tal a suspensión dos traballos, sen causa xustificada, durante un prazo superior a trinta días.

e) Alteración das tarifas aprobadas pola Administración municipal.

f) Dedicar as instalacións á fins distintos dos sinalados no contrato.

g) A desobediencia reiterada ás ordes da Administración municipal ou a obstaculización da inspección e fiscalización do persoal municipal.

h) Ceder total ou parcialmente a concesión, subarrendala , traspasala , hipotecala ou pignorala sen autorización expresa da Administración municipal ou contravindo as indicacións de este.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09 19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 53 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

i) A interrupción reiterada e inxustificada ou sen previo aviso dos servizos, salvo causa de forza maior apreciada pola Administración municipal ou paro laboral desenvolvido en forma legal, ou o incumprimento dos servizos mínimos neste último suposto.

j) O incumprimento moi grave da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades do Concello de Vigo.

k) A falla de pagamento do canon anual durante dúas anualidades consecutivas.

l) A acumulación de tres faltas graves no transcurso dun ano, sobre as que tivese recaido resolución firme en vía administrativa.

m) O incumprimento das demais obrigas concesionais non tipificadas como leves ou graves.

**CLÁUSULA 61ª.- PENALIDADES**

1. Pola comisión de infraccións previstas no presente prego, previa instrución do correspondente expediente, se imporán penalidades de acordo coa seguinte escala:

a) Pola comisión de infracción leve: multa de ate 1.500,00 euros.

b) Pola comisión de infracción grave: multa entre 1.501,00 € ate 6.000,00 €.

c) Pola comisión de infracción moi grave: multa entre 6.001,00 € ate 12.000,00 euros ou declaración de caducidade ou de extinción da concesión administrativa nos casos previstos neste prego.

2. O importe das contías das penalidades referidas na presente cláusula entenderanse automaticamente revisadas e experimentará as mesmas variacións que o canon, conforme ós incrementos ou diminucións do IPC.

3. A imposición de calquera das penalidades previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

4. As penalidades a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.

b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.

c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas no presente prego, cando así fose declarado por resolución firme.

d) O proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

**CLÁUSULA 62ª.- PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES**

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoación do

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaría de Goberno local
P.O.



Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:18:25+02:00 - Conselleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 54 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO

CONTRATACIÓN

Expediente 12242-333

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA

-8 AGO. 2013

A Secretaria de Goberno local, P.O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA
06 AGO. 2013
INFORME

correspondente expediente.

**I. Órgano competente**

As penalidades por infraccións, calquera que sexa a súa gravidade, imporanse pola Xunta de Goberno Local.

**II. Procedemento**

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, que será inmediatamente executivo.

**III. Prescrición**

1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves os dous anos, e as leves ós seis meses.

2. As penalidades impostas por faltas moi graves prescribiran os tres anos, as graves prescribirán ós dous anos, e as impostas por faltas leves ó ano.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día no que se cometeu a infracción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

4. O prazo de prescrición das penalidades comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

**IV.-Pagamento das penalidades**

O importe das penalidades será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da mesma, esixirase o pagamento por vía de constrinximento administrativo.



Documento asinado
ASINADO POR Técnica Administracion Xeral (Beatriz Barbará Rodriguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 55 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

**V.- Recursos**

Contra o acordo impoñendo penalidades cabe a interposición de recurso administrativo ou xurisdicional.

## CLÁUSULA 63ª.- MULTAS COERCITIVAS

1.- Con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá impoñer ó concesionario multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas.

2.- En caso de reiteración dos incumprimentos previstos na cláusula precedente, a Administración poderá impoñer ó concesionario as seguintes multas coercitivas:

a) No caso de incumprimentos leves, multa de 1 a 50 € por día que persista o incumprimento.

b) No caso de incumprimentos graves, multa de 51 a 100 € por día que persista o incumprimento.

c) No caso de incumprimentos moi graves, multa de 101 a 300 € por día que persista o incumprimento.

d) Ditos importes incrementaranse cada ano no IPC anual fixado polo INE para Galicia, co límite máximo que estableza a lexislación vixente.

3.- As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalizacións previstas na cláusula precedente do presente Prego.

4.- En todos os casos, o Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o mesmo.

5.- O disposto na presente Cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e prexuízos ou a resolución do Contrato, así como sen prexuízo das sancións administrativas que procedan no seu caso.

## CLÁUSULA 64ª.- APLICACIÓN DAS PENALIDADES E MULTAS COERCITIVAS

1.- No suposto de incumprimentos previstos na TRLCSP, que poidan dar orixe á resolución do contrato de concesión, a tramitación do correspondente expediente axustarase ó disposto no artigo 225 do TRLCSP.

2.- Noutro caso, a imposición das penalidades será acordada polo órgano competente, tras a instrución do correspondente expediente contraditorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince (15) días.

3.- Para a imposición de penalidades por incumprimentos leves, unicamente será preceptivo o trámite de audiencia ó contratista.

4.- En todos os casos, o Concello, con independencia da imposición da penalidade, poderá adoptar a custa do Concesionario as medidas necesarias para poñer fin á infracción, con dereito a repetir contra o mesmo.

5.- O disposto na presente Cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e perdas ou a resolución do Contrato, así como sen

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbarà Rodríguez) 2013-08-06T08:18:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 56 de 68 |
|---|---|---|
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaría de Goberno local, P.O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA
06 AGO. 2013
INFORME



prexuízo das sancións administrativas que procedan no seu caso.

## Sección 6ª.- MODIFICACIÓN, SUBCONTRATACIÓN E CESIÓN DO CONTRATO

### CLÁUSULA 65ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

1.- Unha vez adxudicado o contrato o órgano de contratación soamente poderá introducir modificacións no mesmo para satisfacer as necesidades recollidas na cláusula 5ª deste prego cando concorra algunha das seguintes causas:

- Conveniencia de incorporación de novas instalacións ou servizos deportivos que favorezan ou complementen ó obxecto do contrato, motivadas polo incremento da demanda ou derivadas de medidas de mellora da eficiencia dos procesos de xestión.
- Cando se estime necesario realizar cambios nas instalacións para mellorar a súa funcionalidade.
- Calquera das prevista no artigo 107 TRLCSP.

2.- O procedemento de modificación se iniciará por escrito do responsable do contrato dirixido ó órgano de contratación, solicitando autorización para tramitar a modificación, no que se expoñerá e xustificará a concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no parágrafo primeiro. Concedida á autorización se realizarán as seguintes actuacións:

- Redacción da proposta de modificación.
- Audiencia do contratista, o no seu caso, do redactor do proxecto por prazo de cinco días.
- Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como do gasto se fose preciso por supoñer a modificación custe económico.
- Formalización da modificación.

### CLÁUSULA 66ª.- SUBCONTRATACIÓN NA EXECUCIÓN DO SERVIZO PÚBLICO

1.- A subcontratación so pode recaer sobre prestacións accesorias e rexerase polo disposto no Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (artigos 227 e 228).

2.- Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barberá Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 57 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

artigo 227.2 do TRLCSP ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación, impórase a penalidade regulada no apartado 3 do referido precepto, nos seguintes termos:

- Farase efectiva sobre a garantía, conforme ó artigo 212.8 do TRLCSP.
- Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe do subcontratado, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

**CLÁUSULA 67ª.- CESIÓN**

O adxudicatario poderá ceder a concesión a un terceiro, previa autorización do órgano de contratación sempre que este cumpra cos requisitos esixidos para ser adxudicatario da presente concesión e os establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

## TITULO IV. SECUESTRO E EXTINCIÓN DA CONCESIÓN

**CLÁUSULA 68ª.- SECUESTRO DA CONCESIÓN**

1.- O órgano de contratación, co fin de manter o servizo público, previa audiencia do concesionario, poderá acordar o secuestro total ou parcial da concesión nos casos en que o concesionario non poida facer fronte temporalmente á xestión por causas alleas ó mesmo. Así mesmo poderá acordar o secuestro cando se incorra en incumprimentos ou infraccións graves que poñan en perigo a correcta prestación do servizo público incluíndose neste aspecto a desobediencia a ordes de modificación.

2.- O acordo do órgano de contratación notificarase ó concesionario e se este, dentro do prazo que se houbese fixado, non corrixise a deficiencia, executarase o secuestro.

3.- En virtude do secuestro, a Administración Municipal encargarase directamente da xestión do servizo público e da percepción dos dereitos establecidos, utilizando para iso o mesmo persoal e material do concesionario, sen que se poidan alterar as condicións da súa prestación.

4.- O órgano de contratación designará un ou varios Interventores que substituirán plena ou parcialmente ó persoal directivo do concesionario.

5.- A xestión e a subseguinte explotación efectuarase por conta e risco do concesionario a quen se lle entregará, ó rematar o secuestro, o saldo activo que resultase logo de satisfeitos todos os gastos, incluídos os haberes dos Interventores.

6.- O secuestro terá carácter temporal e a súa duración será a que determine o órgano de contratación sen que poida exceder, incluídas as posibles prórrogas, de tres anos. Acordarase de oficio ou a petición do concesionario o cesamento do secuestro cando desaparezan as causas que o motivaron e o concesionario xustifique estar en condicións normais de proseguir a xestión do servizo público. Transcorrido o prazo fixado para o secuestro sen que o concesionario garanta a asunción completa das súas obrigas, o órgano de contratación resolverá o contrato.

**CLÁUSULA 69ª.- CAUSAS DE EXTINCIÓN**

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P. O.



Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

| | | |
|---|---|---|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 58 de 68 |
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME
APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.

A concesión extinguirase polas seguintes causas:

a) Transcurso do prazo.

b) Resolución do contrato.

c) Caducidade da concesión.

d) Por acordar o seu rescate o Concello por motivos de interese xeral ou esixencias do planeamento vixente.

e) Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais.

f) Pola perda ou destrución parcial ou total da edificación.

g) Pola extinción da personalidade xurídica da sociedade concesionaria, ou no seu caso, falecemento do concesionario individual, excepto, neste último suposto que opere a subrogación mortis causa, nos seus dereitos e obrigas concesionais, do cónxuxe ou descendentes, sempre e cando teñan plena capacidade para contratar con a administración pública consonte ó disposto no artigo 54 TRLCSP, e o acrediten no prazo máximo de 10 días naturais dende a data do seu falecemento.

h) Perda da súa capacidade para contratar, ou incorrer en causa de prohibición.

i) Pola comisión de calquera falta moi grave, cando así se resolva polo órgano competente.

j) Nos demais casos previstos legalmente.

## CLÁUSULA 70ª.- CADUCIDADE DA CONCESIÓN

1.- De conformidade co sinalado no artigo 223 e 286 do TRLCSP procederá a declaración de caducidade da concesión nos casos previstos no artigo 136 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais e nos supostos que se citarán a continuación, que se consideran a estes efectos infraccións moi graves das obrigas esenciais do concesionario:

a) Falta de pago do canon durante dúas anualidades consecutivas.

b) Adicar o local a usos distintos dos especificamente sinalados, sen previa autorización municipal.

c) Non atender, de xeito reiterado, coa debida dilixencia e coidado á conservación do local ou non cumprir as instrucións ditadas de xeito expreso polo Concello de Vigo.

d) Por destrución das instalacións, xa sexa total ou parcialmente, en máis dun



ASINADO POR Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado
Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 59 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA
06 AGO. 2013

50% do valor das mesmas.

2.- A declaración de caducidade acordarase polo órgano de contratación e determinará o cese da xestión do concesionario e a incautación dos elementos do adxudicatario afectos ó servizo.

3.- Ós efectos anteriores seguirase o procedemento indicado no artigo 137 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais.

## CLÁUSULA 71ª.- RESCATE DA CONCESIÓN

1.- O Concello de Vigo poderá extinguir a concesión de dominio público antes do vencemento do prazo estipulado, de xeito unilateral, por razón do interese público e mediante a correspondente indemnización.

2.- Serán efectos do rescate:

a) A transferencia das obras e instalacións ó Concello.

b) O deber de indemnizar ó concesionario no valor das instalacións obxecto de investimento dentro do presente contrato que houberen de reverter ó Concello, tendo en conta o seu grado de amortización e os danos e perdas no seu caso irrogados, incluídos os beneficios futuros que deixe de percibir.

3.- Procedemento:

- O interese público en que se basee o rescate da concesión terá que estar xustificado técnica e xuridicamente con anterioridade ó acordo no que a Xunta de Goberno Local ordene o inicio do expediente.
- Dos informes técnicos e xurídicos emitidos darase traslado ó concesionario para que formule as alegacións que coide convenientes en defensa dos seus dereitos, nun prazo de quince días.
- O rescate da concesión deberá ser aprobado por acordo plenario que fixará un prazo de executividade non inferior a seis meses e instará ó contratista a que formule unha valoración da indemnización que coide que lle corresponda percibir.
- No mesmo acordo nomearase un Interventor para que as obras e as instalacións afectadas pasen ó Concello nas condicións sinaladas neste prego ou no acordo plenario.
- Se o Concello aceptase a valoración, rematarase o expediente polo que respecta á indemnización. En caso de desacordo, o trámite de determinación do prezo xusto seguirase en peza separada, consonte co procedemento de expropiación forzosa, non afectando á executividade do acordo de rescate.

## CLÁUSULA 72ª.- ACTUACIÓNS PREVIAS Á EXTINCIÓN DA CONCESIÓN POLO TRANSCURSO DO PRAZO

1.- Co obxecto de garantir que no momento da reversión á Administración municipal dos bens afectos á concesión estes estean en bo estado de conservación e uso para a súa explotación, o responsable do contrato, 48 meses antes da finalización do prazo contractual procederá a realizar unha avaliación do estado dos mesmos.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,



Documento asinado
ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T08:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 60 de 68 |
|---|---|---|
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

2.- O responsable do contrato deberá comunicar ó resultado da citada avaliación ó órgano de contratación e formularlle unha proposta de actuacións necesarias para mantelos nas condicións previstas.

3.- Unha vez adoptado o acordo polo órgano de contratación se lle comunicará ó concesionario, concedéndolle un prazo para a realización das citadas actuacións.

4.- En caso de desobediencia do concesionario ás resolucións do órgano de contratación sobre conservación das obras e instalacións ou de mala fe na execución das mesmas, este poderá dispoñer ou ben o secuestro da concesión ou proceder a executar ás obras con cargo á garantía definitiva se este fose suficiente para cubrir o seu importe.

**CLÁUSULA 73ª.- EFECTOS DA EXTINCIÓN. REVERSIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS**

1.- Producida a extinción da concesión por calquera das causas recollidas no presente prego ou na lexislación vixente, o titular cesará na ocupación sen necesidade de requirimento municipal e sen dereito a compensación ou indemnización por tal circunstancia. O dominio público ocupado debera restituírse en perfecto estado ó Concello en condicións óptimas para o seu uso. As obras e instalacións de mellora que poidan haberse efectuado polo concesionario reverterán gratuitamente ó Concello, nos termos regulados na lexislación aplicable.

2.- Da recepción polo Concello dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese este a dito acto. Na acta reseñarase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose, de selo caso, as deficiencias ou deterioro que presenten, servindo a acta de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, cuxo abono esixirá ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de prema administrativo.

3.- Establécese como prazo máximo para o desaloxo e entrega dos bens, o de quince días hábiles a contar dende a data de vencemento da concesión. Se transcorrido dito prazo, o concesionario non procedera ó desaloxo e entrega dos bens, aboará ó Concello de Vigo, en concepto de indemnización, a cantidade de 300 euros por cada dia de retraso no que incorra, e ata o total cumprimento da súa obriga. O Concello, sen prexuízo de dita indemnización, poderá exercitar as accións e facultades que o ordenamento xurídico lle recoñece na defensa e protección do seu patrimonio.

4.-Cando o contrato se resolva por causa imputable ó contratista, o Concello procederá de forma inmediata a incautar a fianza constituída e determinará, a continuación, o importe dos



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 61 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

danos e perdas causados que deberán ser soportados polo contratista.

5.-Cando a resolución teña lugar por mutuo acordo das partes, estarase ó resultado do mesmo.

6.-No non contemplado neste artigo, en supostos de resolución, estarase ó disposto no artigo 288 do TRLCSP.

## TITULO V. XURISDICCIÓN COMPETENTE E RÉXIME DE RECURSOS

### CLÁUSULA 74ª.- XURISDICIÓN COMPETENTE

As cuestións que poidan xurdir durante o desenvolvemento do contrato relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación (artigos 210 e 211 TRLCSP). Os acordos adoptados para a súa resolución poderán ser impugnados ante a Xurisdición contencioso-administrativa conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da mesma.

O recurso contencioso-administrativo será interposto no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación. Someténdose, tanto os licitadores como posteriormente os adxudicatarios, ós Xulgados desta Orde que exerzan a súa xurisdición na cidade de Vigo, con renuncia expresa a calquera outro foro ou privilexio que lles corresponda.

No entanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte á súa notificación ou publicación, ou de tres meses se a resolución é presunta, a contar neste último caso desde o día seguinte a aquel en que se produza o citado acto presunto. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución, expresa ou presunta, do mesmo, ó amparo do previsto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### CLÁUSULA 75ª.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

1.- Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os seguintes actos:

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a licitación.
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.
- Os acordos de adxudicación, salvo que se siga o trámite de emerxencia previsto no artigo 113 TRLCSP.

2.- A tramitación deste recurso axustarase ó disposto nos artigos 40 a 49 do TRLCSP.

3.- Contra a resolución do citado recurso só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
- 8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T08:18:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 62 de 68 |
|---|---|---|
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

CONCELLO DE VIGO
ASESORÍA XURÍDICA
06 AGO. 2013

**CONCELLO DE VIGO**

**CONTRATACIÓN**

Expediente 12242-333

Vigo, 1 de agosto de 2013

A técnica de Administración xeral

Beatriz Barbará Rodríguez

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA

-8 AGO. 2013

A Secretaria de Goberno local,
P. O.



ASINADO POR: Tecnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Angel Rivas Gonzalez) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 63 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA
06 AGO. 2013
INFORME

# ANEXO I

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona ..........., con D.N.I. ................. con enderezo en ...................

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa ........ constituída ......... (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder ....... (referencia escritura)

**DECLARA:**

1. Que son certos os datos indicados e que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos nos artigos 54 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
2. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que, especialmente, atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Estado, Comunidade autónoma e concello de Vigo) e de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes.
3. No caso de que a documentación persoal (sobre A) se presente mediante fotocopia simple declara que a mesma concorda cos seus orixinais.
4. Declara ..... (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, declara que non concorren a esta licitación outras empresas do grupo vinculadas ó licitador.
5. No seu caso, que de resultar adxudicatario se compromete a constituír unha sociedade que será a titular da concesión no prazo dun mes dende a notificación da adxudicación e con carácter previo a formalización do contrato.
6. No caso de que non poida acreditar a solvencia técnica esixida na cláusula 14.5º deste prego para a realización da obra, que se compromete a subcontratar para a realización da obra a unha empresa que a reúna.
7. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, o anteproxecto de explotación e o regulamento de servizos que serven de base ó contrato e que os acepta incondicionalmente.
8. Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte ...........

Lugar, data, selo e sinatura

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P. O.



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barberá Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 64 de 68 |
|---|---|---|
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

CONCELLO DE VIGO

CONTRATACIÓN

Expediente 12242-333

## ANEXO II

## MODELO DE INFORME DE INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS

A entidade .......................... (razón social da entidade financeira) , con CIF ..........................., domiciliada en ..........................., e no seu nome .......................... (nome e apelidos do apoderado), con poderes suficientes para obrigarse neste acto.

**Informa:**

Que ..........................(nome e apelidos da persoa natural ou razón social da persoa xurídica), con NIF ou CIF .........................., domicilio en .........................., é cliente desta entidade financeira.
Que segundo os antecedentes obrantes na mesma a mencionada empresa ten a suficiente solvencia económica e financeira para contratar co Concello de Vigo .......................... (indicar o contrato a que se refire o presente prego) , por un importe de .......................... (indicar o prezo de licitación do contrato).

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente en .........................., a ...... de ...... de ...... .

**(firma e selo da entidade financeira)**

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.



ASINADO POR Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardins E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado
Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 65 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA
06 AGO. 2013
INFORME

ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbarit Rodriguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -

Documento asinado

**ANEXO III**

**MODELO DE PROPOSICIÓN ECONOMICA**

D ......................................................................, con D.N.I. nº ..........................., en nome propio (ou en representación de ...........................................), informado da licitación para a contratación por procedemento aberto do contrato de xestión de servizo público das instalacións deportivas de uso público en Navia denominadas "Complexo deportivo de Navia" mediante concesión (expediente 12243-333) manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas, o proxecto de explotación, e o regulamento de servizos que rexen a presente contratación.

2.- Que segundo consta no plan económico financeiro que se adxunta a esta oferta, propón como importe total destinado o investimento inicial en equipamento deportivo o importe de ____________ euros, IVE excluído, sendo o importe correspondente o IVE de ____________.

3.- Que segundo consta na táboa de tarifas proposta no plan económico financeiro que se adxunta a esta oferta, propón como prezo do abono individual adulto, calculado para 1 mes (sen aplicar matrícula en caso de existir) o de ____________ euros IVE incluído.

4.- Propón unha diminución do prazo concesional máximo (50 anos) de ____________ anos , resultando un prazo concesional de ____________ anos.

5.- Incrementa o canon concesional previsto no prego de condicións administrativas particulares (6.000,00 euros/ano) en .............................. euros/ano, resultando un canon de .................................. euros/ano.

Lugar, data e sinatura do licitador

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.




| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 66 de 68 |
|---|---|---|
| Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P. O.

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURÍDICA
06 AGO. 2013
INFORME

CONCELLO DE VIGO

CONTRATACIÓN

Expediente 12242-333

## ANEXO IV

## TARIFAS

| | Tarifas máximas | | |
|---|---|---|---|
| **Abonos Mensuais** | **s/ive** | **ive (21%)** | **c/ive** |
| Abonado Individual | 30,99 € | 6,51 € | 37,50 € |
| Abonado Familiar Titular | 30,99 € | 6,51 € | 37,50 € |
| Abonado Familiar Cónxuxe/Hijos < 14 años | 7,44 € | 1,56 € | 9,00 € |
| Abonado Xoven | 20,66 € | 4,34 € | 25,00 € |
| Abonado 3ª Idade | 18,60 € | 3,90 € | 22,50 € |
| Abonado Discapacitado | 15,70 € | 3,30 € | 19,00 € |
| Abonado Matinal | 15,70 € | 3,30 € | 19,00 € |
| | | | |
| **Entradas libres** | **s/ive** | **ive (21%)** | **c/ive** |
| Entrada libre piscina Adultos | 3,14 € | 0,66 € | 3,80 € |
| Entrada libre piscina Menores | 2,07 € | 0,43 € | 2,50 € |
| Entrada libre sala fitness Adultos | 3,14 € | 0,66 € | 3,80 € |
| Entrada libre sala fitness Menores | 2,07 € | 0,43 € | 2,50 € |
| Entrada libre completa incluído SPA | 10,33 € | 2,17 € | 12,50 € |
| | | | |
| **Cursos e actividades (trimestrais)** | **s/ive** | **ive (21%)** | **c/ive** |
| Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S Abonado | 20,66 € | 4,34 € | 25,00 € |
| Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S NO Abonado | 41,32 € | 8,68 € | 50,00 € |
| Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S Abonado | 26,03 € | 5,47 € | 31,50 € |
| Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S NO | 52,07 € | 10,93 € | 63,00 € |



ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barbará Rodríguez) 2013-08-06T09:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 67 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
ASESORIA XURIDICA
06 AGO 2013
INFORME

| | | | |
|---|---|---|---|
| Abonado | | | |
| Curso piscina (pre-post parto) 1 D/S Abonado | 16,53 € | 3,47 € | 20,00 € |
| Curso piscina (pre-post parto) 1 D/S NO Abonado | 33,06 € | 6,94 € | 40,00 € |
| Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados | 20,66 € | 4,34 € | 25,00 € |
| Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abonados | 41,32 € | 8,68 € | 50,00 € |
| Natación Escolar (cuatrimestral ANPAS) | 36,36 € | 7,64 € | 44,00 € |

| **Aluguer pistas de pádel (tempo)** | **Horarios** | **s/ive** | **ive (21%)** | **c/ive** |
|---|---|---|---|---|
| 1 hora | Hor. baixas | 8,68 € | 1,82 € | 10,50 € |
| | Hor. punta | 10,74 € | 2,26 € | 13,00 € |
| 1/2 hora | | 4,96 € | 1,04 € | 6,00 € |
| suplemento luz (ind. Tempo) | | 1,98 € | 0,42 € | 2,40 € |

APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA
-8 AGO. 2013
A Secretaria de Goberno local,
P.O.

ASINADO POR: Técnica Administración Xeral (Beatriz Barberá Rodríguez) 2013-08-06T08:19:25+02:00 - Concelleiro De Parques, Xardíns E Limpeza (Ángel Rivas González) 2013-08-06T12:23:44+02:00 -
Documento asinado



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 06/08/2013 12:26 | Páxina 68 de 68
Expediente 12242/333 | Código de verificación: 2EEC3-43435-AD4BC-3BA28
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv